


BLOQUE 3:

A ACCIÓN HUMANA

UD 7: MORAL E ÉTICA

1.- O USO PRÁCTICO DA RAZÓN

Cando falamos de **razón** referímonos a unha maneira determinada de usar as nosas capacidades cognitivas que nos permitan organizar o coñecemento dunha maneira determinada. Pero este non é o único uso da razón; fronte ao **uso teórico** está o **uso práctico** da razón. Cando falamos de uso práctico da razón estamos a falar de **ética** (como nos di a razón que debemos actuar ante unha decisión moral).



USO TEÓRICO	USO PRÁCTICO
Vinculado ao coñecemento teórico	Vinculada ao coñecemento práctico, ou á acción. É dicir: como debemos actuar? Por que eliximos unha acción e non outra? Existe algún criterio que nos fai tomar unha decisión ou outra?

2.- A MORAL E A ÉTICA

Con frecuencia ambos conceptos confúndense e úsanse indiscriminadamente, pero en realidade non teñen o mesmo significado:

- **Ética:** deriva do grego “*ethos*” que significa: maneira de facer as cousas, hábito ou costume. A utilizaban para referirse a aqueles actos do noso comportamento que eran “correctos” e que se aprendían repetindo as actuacións unha e outra vez. Para moitos pensadores gregos, por exemplo Aristóteles, a ética apréndese non é algo innato; e apréndese a partir da repetición.

- **Moral:** deriva do latín “*moralis*” que viña dicir algo así como: modo de facer unha cousa, uso ou práctica. Facía referencia ás actuacións concretas, estaba relacionada ca *praxis* máis que ca teoría. Para moitos pensadores (non para todos), a moral é unha das características máis definitorias do ser humano. As persoas somos libres de elixir os nosos actos (chámase **libre albedrío**), e podemos actuar de maneira moral ou inmoral, pero non podemos ser amorais.

Actualmente entendemos por ética a **reflexión filosófica sobre os nosos actos morais**; é dicir unha especie de “teoría” ou “normas xerais” que xustifica e explica os nosos actos concretos. Por tanto: **ética é a teoría e moral a práctica concreta.**

3.- DESARROLLO DA CONCIENCIA MORAL

A maioría de tendencias psicolóxicas, sociolóxicas e filosóficas pensan que aínda que nacemos co libre albedrío ou capacidade de elixir, non nacemos con **conciencia moral**. Esta, os valores éticos que nos farán actuar dunha maneira ou outra, vaise adquirindo ao longo da nosa vida. Podemos dicir que as nosas vivencias e decisións vannos conformando como seres morais.

O pensador e psicólogo **Lawrence Kohlberg** describe unha serie de etapas ou estadios na maduración moral:

ETAPAS		SUBETAPAS	CARACTERÍSTICAS
Preconvencional	Fase <u>Egocéntrica</u> : coidado dun mesmo	Obediencia á autoridade	As normas proceden sempre de alguén con autoridade externa e respéctanse por medo ao castigo ou por ganas de premio
		Individualismo egocéntrico	Asúmense como normas propias aquelas que favorecen os intereses persoais pero non as que non nos favorecen
Convencional	Fase <u>Altruísta</u> : coidado dos demais	“Bo/a rapaz/a”	Actúase en función do que se cre cos demais esperan de un. O desexo de agradar guía a nosa actuación
		Respecto ao orden social establecido	Asúmense as normas porque síntese a necesidade de comprometerse socialmente e porque se pensa que son útiles
Posconvencional	Fase de <u>Responsabilida</u> : coidado de un mesmo pero tamén dos demais	Relativismo contratualista	Descúbrese o carácter relativo das leis/normas. Enténdese que só son convenios ou acordos pero se aceptan e respectan por ser un pacto entre todos
		Principios universais e Autonomía Moral	Tómase conciencia da existencia duns principios universais que están moi por encima das normas legais. Acadamos a autonomía moral por encima das normas. É a maioría de idade moral pero poucos adultos chegan a ela.

4.- RELATIVISMO E UNIVERSALISMO MORAL

Un dos grandes debates da ética ao longo da historia do pensamento foi a existencia duns valores éticos universais e eternos que fosen válidos para calquera acto moral, ou se, pola contra, os valores dependen de cada época, grupo social, etnia, e por tanto non son universais. En función de un pensamento ou outro, definímonos aos pensadores como **relativistas** ou **universalistas** morais.

4.1.- Universalismo Moral

Afirma a existencia de valores morais absolutos, anteriores a calquera lei ou norma concreta. Os nosos actos morais terían unha “teoría” ética eterna que vale dende sempre e para todo o mundo. Esta foi un pensamento que foi maioritaria durante séculos. Estes pensadores xustificaron a existencia de eses valores en diferentes cousas: nun mundo de ideas, na relixión, na razón. Esta posición é “facil” porque se os valores son uns e eternos é moi fácil saber que debemos facer. Defenderon o **universalismo moral**:

Sócrates: contemporáneo e gran inimigo dos sofistas. Defendía unha teoría ética chamada **Intelectualismo Moral** segundo a cal “canto máis sabía é unha persoa máis boa é”; as persoas que non actúan correctamente son aquelas que non coñecen realmente os valores éticos. Existen, pois, uns valores éticos eternos e universais que marcan o comportamento humano o único que temos que facer é esforzarnos por coñecelos. Se somos sabios seremos bos.

Platón: discípulo de Sócrates, compartirá con el a teoría do **Intelectualismo Moral** pero vai máis aló. Platón formula a existencia dunha realidade suprasensible na que se atopan as **formas** ou **modelos** de todas as cousas que existen. Por tanto existen modelos de conceptos como: bondade, xustiza, etc. Estes modelos son eternos e inmutables. O SH debe esforzarse nesta vida por poder recordar e visualizar aqueles valores que coñeceu na súa vida previa á vida na Terra e actuar sempre téndoos como modelos.

Tomás de Aquino: a súa teoría ética é o **Iusnaturalismo** que entende que existe unha Lei Natural anterior ás Leis Positivas (ou leis dos homes) e que esa lei ten a súa orixe en Deus. Como esa lei ten orixe divina é eterna e incuestionable. O SH ten libre albedrío e por tanto pode cumprir esa lei natural ou non, pero a lei existe e a bondade está en seguila.

Kant: pensa ca moralidade deriva directamente da racionalidade: “o SH é un ser moral porque é un ser racional, e é racional só en tanto que é moral”. Por tanto as normas morais non son externas a nós, son un mandato da nosa razón. Non podemos escapar da nosa moralidade; podemos ser inmorais pero non amorais. Se a nosa moralidade ven da razón deberá ser común a toda a humanidade, por tanto existen uns valores eternos. O que Kant quere por enriba de todo, é que eses valores universais non estean fundamentados en algo externo como sería a relixión, por iso os fundamenta na racionalidade que é algo interno. Somos morais porque nós mesmos (non ningunha norma externa) nos solicita selo. Así formula o que chama o **Imperativo Categórico, que é a única** norma teórica que ten que guiar os nosos actos concretos e da que non

podemos escapar: “*Actúa sempre de tal maneira que poidas querer que os teus actos se convertan en lei universal.*”

Jürgen Habermas e Karl-Otto Apel: estes e outros pensadores do século XX, son conscientes de que as teorías que sustentan a universalidade da moral son moi difíciles de soste na actualidade. Aínda así consideran que é necesario poñerse de acordo nunha serie de valores universais e actuar como se realmente foran intocables. A estas éticas chámaseles **Dialóxicas** ou do **Discurso** porque están baseadas nun suposto diálogo de toda a humanidade. A súa pretensión é facer posible un diálogo universal no que establecer, convencionalmente, uns valores que deberán ser considerados universais e, por tanto, incuestionables. Para que este diálogo cumpra a súa función debe reunir unha serie de características:

- Que todos os membros da humanidade estean representados (incluso os que non teñen voz: nenos, discapacitados, enfermos, animais, planeta, xeracións futuras)
- Que todos dispoñan das mesmas posibilidades para intervenir no diálogo (tempo, condicións intelectuais, medios, etc)
- Que ninguén estea ameazado, supeditado ou atemorizado por algo ou alguén que non lle permita expresarse libremente.
- Que todo o mundo se comprometa a querer chegar a un fin e a dicir a verdade

4.2.- Relativismo moral

Pero outros pensadores consideran que non existen eses valores éticos universais e que as normas e xuízos morais varían segundo as sociedades e as épocas. Nada é bo/malo para sempre, de maneira autónoma e fora de todo contexto. Cada época ten os seus valores, cada situación pode cambialos, e por tanto, non podemos xulgar os actos dunha época cos valores de outra. Esta posición, que é a da maioría de filósofos do século XX e XXI, é máis difícil porque debe de buscar algo no que fundamentar os seus actos. Os filósofos relativistas máis relevantes son:

Os Sofistas: son os primeiros en expresar abertamente a relatividade dos valores morais. Se houberse normas morais eternas e comúns a toda a humanidade, non habería guerras nin disputas; pero a historia móstranos xusto o contrario. Os valores morais son froito dun **acordo** entre os membros dun grupo (asociación, cidade, país, cultura, época) e son válidos só para ese grupo e ata que eles queiran.

Spinoza: non existe o libre albedrío, o ser humano cre que é libre pero só é unha ilusión. Todo sucede por unha “necesidade” e se non hai liberdade non hai moralidade. Somos os seres humanos quen atribuímos as cualidades de boas/malas ás cousas e actos: denominamos bo a aquilo que nos favorece e malo aquilo que nos prexudica, pero esta cualificación varía ao longo do tempo e das culturas.

Nietzsche: o seu pensamento é unha crítica radical e furibunda a todo o sistema ético da súa época acusándoo de ser a laicización dos valores cristiáns. Di que: *“Toda moral ten sido ao longo do tempo e tamén na actualidade (finais do s.XIX) un mecanismo de dominio ... un instrumento a través do cal o sector dominante da poboación extorsiona e somete á outra parte en beneficio propio,”* A moral do século XIX é unha moral enferma que nega a vida e venera a morte; unha moral que enferma ao ser humano, que o reprime; unha moral que está a favor dos necios ou incapaces e que entorpece o desenrolo dos fortes e poderosos. Pero, por enriba de todo, é unha moral con intereses.

Ética Existencialista de JP Sartre: parte de unha tripla suposta:

- Primeiro é a existencia e despois a esencia, non hai ningunha esencia previa
- O SH está condenado a ser libre, é dicir a elixir continuamente
- Deus non existe, é un *constructo* humano refuxio da frustración que causa a súa finitude

En consecuencia:

- Como non hai esencias previas, os valores morais tampouco existen previamente, vanse forxando ao longo da existencia humana, cas súas eleccións obrigadas os individuos van definindo os seus valores
- Si Deus non existe os valores morais non poden vir del e tampouco poden ser unha laicización do cristianismo
- Isto non ten porque levarnos á **anarquía moral** e como afectan os nosos actos aos demais pode ser unha guía: *“Nada é bo para min se non o é tamén para os demais.”* Pero para os existencialistas, isto fai que a ética vólvese unha especie de carga insoportable: a cada elección debo facerme “carga” da humanidade (considerar como a miña acción transforma a humanidade). O SH non decidiu ser libre pero o caso é co é e esa é unha carga insoportable

5.- DISTINTOS TIPOS DE ÉTICAS

Dende o filósofo Kant podemos dividir as éticas en dous grandes grupos: Éticas Materiais e Éticas Formais. Kant dixo que todas as éticas ata a súa son materiais e que iso provoca desacordo e enfrontamento.

5.1.- Éticas Materiais

Son todas aquelas que buscan conseguir cos seus actos un fin. Podemos dicir que teñen un contido. O seu formato é: *Se queres X debes de facer Y.* Son éticas heterónomas (non autónomas) porque os seus criterios dependen das accións/fins que queramos conseguir. Tamén lles chamamos éticas Teleolóxicas (thelo = fin) porque teñen unha intencionalidade, un obxectivo. O problema de este tipo de éticas é que nunca poden ser universais, non valen para todos, só para os que queiran conseguir y.

Moitas destas éticas son **Hedonistas** porque o fin que buscan é acadar a felicidade por eso as veces tamén se chaman **éticas da felicidade**. Pero aínda que todas buscan a felicidade, non para todas a felicidade é o mesmo, así que as súas propostas varían (non son universais):

- **Eudemonismo de Aristóteles:** o fin último do SH é chegar á perfección da súa esencia, á excelencia. A felicidade consistirá pois na máxima autorrealización persoal. E como a esencia do SH é a racionalidade canto mais racionais sexamos máis felices seremos.

- **Estoicismo:** a única maneira de ser feliz é coñecer a lei universal que goberna o universo e vivir conforme a ela. A maioría de SH descoñecen esa lei, pensan que son libres e loitan contra destinos que non queren adoptar. Isto, a maiores de ser inútil, fainos profundamente infelices. A misión do SH é coñecer o **Logos** (a lei universal) e vivir de acordo a ela, isa é a única felicidade posible.

- **Hedonismo dos epicúreos:** a felicidade é o pracer por tanto o SH se quere ser feliz debe achegarse as cousas que lle causan pracer e apartarse das que lle causan dor. Pero Epicuro diferencia entre:

- Pracer Activo: é a procura continua de cousas que nos satisfagan. Esta procura é inútil, causa ansiedade, frustración, depresión; é un camiño que conduce a infelicidade

- Pracer Pasivo: consiste en vivir conforme ao mínimo, non precisar nada, non desexar nada. Esta actitude conduce á **ataraxia** (tranquilidade de espírito) que é a única felicidade que existe.

- **Utilitarismo de Jeremy Bentham e J.S Mill:** todas as éticas anteriores falan dunha felicidade a nivel individual. Bentham e Mill, no século XIX, son os primeiros en falar da **Felicidade do grupo**. Propoñen un criterio que é o da **utilidade** ou **ben común**. Segundo isto: unha acción é boa cando trae a máxima felicidade ao maior número de xente posible; por tanto unha acción que traia felicidade só individualmente non podería ser considerada boa.

5.2.- Éticas Formais

A primeira é a de Kant. Estas éticas non buscan ningún obxectivo, non queren conseguir nada. Por isi deben de valer para todo o mundo. O seu formato é: **“Debes de facer X porque debes”**. Non depende de nada nin de ninguén, é a túa obriga moral a que te impulsa a actuar de algunha maneira. Estas éticas chámanse **deontolóxicas** ou **do deber**. Características de estas éticas:

- Non son teleolóxicas: non dependen de ningún fin; a bondade/maldade dos actos non están en función das consecuencias

- Son Autónomas: porque non dependen de nada

- **Kant:** as nosas accións deben estar fundamentadas unicamente no deber e non no fin que queiramos conseguir. A ética de Kant está baseada unicamente na razón:

Somos morais porque somos racionais, e somos racionais só porque somos morais.

- **Habermas e Apel:** non pensan que existan uns valores eternos pero pensan que debemos poñernos de acordo nuns mínimos e vivir e actuar como se o foran.